

DAFO

Debilidades
Ameazas
Fortalezas
Oportunidades

QUE É

É unha ferramenta ou técnica de planificación estratéxica que nos serve como punto de partida para saber cal é a situación real do noso centro nese momento, así como posteriores comparacións desde ese punto de partida co momento futuro. Usado no mundo da empresa para identificar as fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas dunha organización e para establecer a base dun bo plan estratéxico.

OBJECTIVOS

O obxectivo principal da análise DAFO é identificar as liñas de acción e plans estratéxicos que son necesarios para acadar os obxectivos da nosa organización.

COMO

A través dunha metodoloxía baseada en (1) a identificación dos elementos internos e externos que afectan á nosa organización (centro educativo), (2) na agrupación por pares de ditos elementos para establecer as liñas de acción, para terminar (3) no desenvolvemento de ditas estratexias ou plans e os indicadores de éxito.

1

INTERNO INTERNO

Tamén chamadas puntos fortes ou factores positivos. Son capacidades, recursos, posicións alcanzadas e, consecuentemente, vantaxes competitivas que deben e poden servir para explotar oportunidades.

FORTALEZAS

Tamén chamadas puntos débiles ou factores negativos. Son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo da estratexia da organización e constitúen unha ameaza para a mesma e deben, polo tanto, ser controladas e superadas.

DEBILIDADES

Factores positivos e defínense como toda forza da contorna e o ambiente con que nos atopamos que pode ser aproveitada como novos aspectos de mellora con altos niveis de crecemento que afectan positivamente aos obxectivos do noso centro educativo.

OPORTUNIDADES

Son factores negativos máis aló do control do centro, e defínense como toda forza da contorna que pode impedir a implantación dunha estratexia, ou ben, reducir a súa efectividade, incrementar os riscos da mesma, os recursos que se requiren para a súa implantación. Non se refiren só ao presente, senon ao que poidan xurdir no futuro.

AMEAZAS

EXTERNO EXTERNO

Estratexias e indicadores de éxito

2

Fortalezas
+
Oportunidades



ESTRATEGIAS FO
ou ofensivas

Debilidades
+
Oportunidades



ESTRATEGIAS DO
ou defensivas

Fortalezas
+
Ameazas



ESTRATEGIAS FA
ou reorientación

Debilidades
+
Ameazas



ESTRATEGIAS DA
ou supervivencia

3

+ FO
+ FA
+ DO
+ DA

Liñas
de
acción
e
estratexia

RECOMENDACIONES

- * Realizar a análise desde unha posición realista
- * Destinar o tempo necesario para realizar unha análise en profundidade
- * Se é posible, realizar a análise en colaboración con outras persoas de distintos perfís
- * Priorizar os 4-8 elementos en cada categoría (fortalezas, debilidades, oportunidades, ameazas) que máis impacto poidan ter na organización.